

O PSOE da Mariña cualifica a visita da Conselleira de Sanidade de “electoralista e de interesosa”, pois “o único que persegue a Xunta é recoller un puñado de votos á costa de seguir enganando aos mariñanos e aos profesionais do sector”

“É lamentable que o PP use a Sanidade co único afán de sacar réditos políticos e non de mellorar a calidade do servizo á cidadanía. O seu é facer campaña publicitaria, agochando as realidades que viven todos os usuarios”, afirma Mayra García

Dada a falla de previsión que demostrou hoxe o Goberno galego, considera que “aos do Partido Popular se lles tiñan que saltar as cores, xa que, nos últimos días, deputados e alcaldes da comarca se gababan do investimento que está a realizar a administración autonómica nesta comarca e, agora, resulta que é a propia Xunta a que os deixa vendidos”

Para os socialistas, o compromiso co Hospital da Costa demostrárase cando nos orzamentos, a Xunta consigne unha partida para facer as obras; “partida que, polo que vimos esta mañá, a Sra. Conselleira aínda non foi quen de precisar. Por iso, mentras esta non exista, cremos que do que presumen son de meros parches e reformas necesarias para manter o noso centro”

Defende que a Sanidade non se debe medir por cifras ou por números, senón pola calidade dos servizos prestados. Todo o contrario, din, do que está a facer a administración autonómica con iniciativas como o Decreto que regula as áreas de Xestión Integrada, e que está a provocar o desmantelamento do Hospital da Costa

A MARIÑA, 6 DE OUTUBRO DE 2014.- O PSOE de A Mariña cualifica a visita da conselleira de Sanidade este luns ao Hospital da Costa de “electoralista e de interesosa”, pois “pensamos, aclara a coordinadora comarcal –Mayra García-, que se trata dunha tomadura de pelo que, unha vez máis, alguén da Xunta veña a Burela para dicirnos que van facer a ampliación sen dicirnos cando van comezar as obras”. Por este motivo, consideran que “o único que persegue o Goberno galego é recoller un puñado de votos á costa de seguir enganando non só a todos os mariñanos, senón tamén a todos os profesionais que prestan o seu servizo neste centro”.

Boa proba delo, subliña García, é que tan só oito meses antes das eleccións se adxudicase a redacción do Plan Director para a ampliación do centro. “É lamentable que o Partido Popular use a Sanidade co único afán de sacar réditos políticos e non de mellorar a calidade do servizo á cidadanía. O seu é facer campaña publicitaria, agochando as realidades que viven todos os usuarios”, afirma.

Por este motivo, tal e como xa dixeron anteriormente, a postura dos socialistas é moi clara. “Nós nos opoñemos que dea luz verde ao Plan Director e se amplíe o Hospital, pero o que si denunciemos é que se non ningunee deste xeito. Este é o Sr. Feijóo, o presidente que presume de ser un bo xestor...? Xestionar significa cumprir o que se di en tempo e prazo, xestionar non é como nos ten acostumados este presidente, que di o mesmo tantas veces o considera oportuno en función dos intereses partidistas. Esta Xunta de Galicia é decepcionante. Volve vir á Mariña para vendernos fume e para facer anuncios. O que teñen que facer é vir cando as obras prometidas estean rematadas”, destaca García.

Sen partida nos Orzamentos, non hai compromiso

Para o PSOE da Mariña o compromiso co Hospital da Costa demostrárase cando nos orzamentos da Xunta consignen unha partida para facer as obras e ampliar o Hospital; “partida que, polo que vimos esta mañá, a Sra. Conselleira aínda non foi quen de precisar. Por iso, mentras esta non exista, cremos que do que presumen son de meros parches e reformas necesarias para manter o noso Hospital, porque simplemente, son servizos que lle corresponde pola súa categoría e pola poboación da comarca”. Un bo exemplo, cita a coordinadora comarcal, “é a implantación da triaxe, que se fai na inmensa maioría dos hospitais con carga de traballo en urxencias. A sala de quimioterapia, necesaria sí, pero o que necesitamos é o servizo, profesionais, oncólogos e aumentar prazas de enfermería e auxiliares. En HADO, outro tanto do mesmo,

pois nada sabemos da segunda unidade. Descoñecemos se soamente vai contar cun médico e dúas enfermeiras como ata agora. Pero como de costume, non se apuran ata que s elección sestean máis próximas, porque polo único que se moven é polos intereses partidistas e non polos intereses dos cidadáns”, reitera.

A Sanidade non se mide por cifras

A este respecto, e dada a falla de previsión que demostrou hoxe o Goberno galego, o PSOE mariñano considera que “aos do Partido Popular se lles tiñan que saltar as cores, xa que, nos últimos días, deputados e alcaldes da comarca se gababan do investimento que está a realizar a administración autonómica nesta comarca e, agora, resulta que é a propia Xunta a que os deixa vendidos”.

Por iso, defende a socialista, que nin a Sanidade, nin a Educación, nin calquera servizo social se debe medir por cifras ou por números, senón pola calidade dos servizos prestados. Todo o contrario, din, do que está a facer a administración autonómica, pois foi ela a encargada de que se aprobara o Decreto 55/2013 polo que se regulan as áreas de Xestión Integrada; un Decreto “co cal asistimos ao desmantelamento do Hospital, xa que pasa de ser autónomo a depender do Hospital de Lugo, polo tanto unha decisión exclusivamente política, á cal, os socialistas da Mariña sempre nos manifestamos en contra”.

Por todo elo, indica que o Partido Popular emprega a Sanidade pública “para facer campaña publicitaria a costa de enganar e anuncios incumpridos, unha e outra vez”. Engadido a isto, un problema non menos importante, subliñan, é que tampouco se cubren as prazas dos especialistas que se marcharon en concurso de traslados ou dos xubilados forzosamente. Nesta comarca, rexístranse casos de supresións de médicos en Xove, Riotorto, Cervo, Ribadeo. Non se cubren as baixas de pediatras en Viveiro e en Mondoñedo.